



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais para os efectos das deducións previstas nos apartados sete do artigo 16 e oito do artigo 17, do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.*

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. Segundo o previsto no artigo 16.2º.l) do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

O Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, actualmente en trámite parlamentario, introduce nos artigos 16 e 17 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, deducións do 100% no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, para favorecer a adquisición de vivenda habitual por parte de familias numerosas, discapacitados e mozos en zonas rurais, coa finalidade de evitar o despoboamento.

Para o establecemento deste beneficio fiscal hai que delimitar dunha forma clara o ámbito territorial ao que afecta, é dicir, hai que definir aquelas zonas nas que se



pretende incentivar, co seu establecemento, a adquisición de vivenda, por tratarse de zonas rurais de baixa concentración demográfica, obxectivo último da medida. Dada a dispersión da poboación en Galicia, a lei opta por delimitar o ámbito xeográfico susceptible deste beneficio fiscal a nivel de parroquia.

O Instituto Galego de Estatística desenvolveu unha clasificación para as parroquias galegas segundo o grao de urbanización denominada GU 2016. O grao de urbanización é unha variable nuclear definida por Eurostat e referida aos territorios, que os clasifica en tres categorías segundo o seu carácter urbano ou rural: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP). De acordo coa anterior clasificación, establécense como parroquias beneficiarias desta medida aquelas que se atopan clasificadas como ZPP.

A regulación establecida neste proxecto normativo consta dun artigo único e unha disposición derradeira de entrada en vigor, o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia que, necesariamente, será posterior á publicación da lei.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cúpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.



2.- Publicación na páxina web da Xunta de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto.

3.- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

5.- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro